



**Nogade**  
VOLEIBOL  
XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS EN IDADE ESCOLAR

## 1. INSCRICIÓNS

A inscrición no programa XOGADE (Xogos Galegos Deportivos en Idade Escolar) formalizarase a través da páxina Web [www.deporteescolargalego.com](http://www.deporteescolargalego.com). Pódese acceder tamén a través da web "xogade.xunta.gal".  
A data de peche para as categorías benxamín, alevín e infantil é o 15 de novembro de 2019.

## 2. PARTICIPANTES

As categorías serán as seguintes:

**Minivolei Benxamín:** nados nos anos 2010, 2011, 2012 (O equipo poderá ser masculino, feminino ou mixto).

**Minivolei Alevín:** nados nos anos 2008, 2009 (feminina, masculina ou mixta).

As/os participantes na categoría alevín soamente poderán xogar cun só equipo na súa propia categoría.

**Infantil:** nados nos anos 2006, 2007 (feminina, masculina ou mixta).

As/os participantes na categoría infantil soamente poderán xogar cun só equipo na súa propia categoría.

## 3. INSCRICIÓNS DOS EQUIPOS

Os equipos inscribíranse cun mínimo de xogadores no programa Xogade:

**Benxamín:** mínimo 4 xogadores e un máximo de 9 xogadores por equipo.

**Alevín:** mínimo de 5 xogadores e un máximo de 12 xogadores por equipo.

**Infantil:** mínimo de 7 xogadores e un máximo de 14 xogadores por equipo.

## 4. SEGURO

Toda a documentación referente á cobertura do seguro está dispoñible no programa Xogade, na páxina web [www.deporteescolargalego.com](http://www.deporteescolargalego.com). Nesta páxina o acceso ao protocolo de actuación e á poliza do seguro é aberto.

Lembren que todo o corpo técnico, deportistas e familiares deben coñecer o protocolo de actuación do seguro de accidente deportivo.

## 5. COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS

**Minivolei Benxamín:** 3 xogadores no campo. O equipo deberá presentar un mínimo de 4 xogadores. Todos deberán xogar por quendas polo menos 1 set completo sen substitución (salvo forza maior).

**Minivolei Alevín:** 4 xogadores no campo. O equipo deberá presentar un mínimo de 5 xogadores. Todos deberán xogar por quendas polo menos 1 set completo sen substitución (salvo forza maior).

**Infantil:** 6 xogadores no campo. O equipo deberá presentar un mínimo de 7 xogadores. Todos deberán xogar por quendas polo menos 1 set completo sen substitución (salvo forza maior).

Comentario: Respetaranse os criterios máis usuais nas competicións existentes e o concepto de participación de todos os integrantes do equipo.

## 6. BALÓNS OFICIAIS DE XOGO

O balón oficial de xogo para as categorías benxamín e alevín é o Molten Pequevoley V5-SPMB/SP1, Autorízase tamén, en ausencia do anterior, o uso nestas categorías do balón Molten V5M1500.

Para a categoría infantil é o Molten V5M5000 ou o Molten V5M4000.

## 7. XOGADORES EN SUPERIOR CATEGORÍA

Poderán participar xogadores dunha soa categoría inferior en encontros de categoría superior, coa condición de que en pista xoguen en todo momento, como mínimo, a metade de xogadores da categoría en xogo. En alevíns serán mínimo 2 xogadores da categoría alevín e en infantís 3 xogadores da categoría infantil.

Os equipos poderán recalificar xogadores para unha categoría superior coa condición de que unha vez recalificados non poderán disputar encontros na categoría inferior.

## 8. SISTEMA DE COMPETICIÓN

En función dos equipos inscritos en cada categoría a competición disputarase, en principio, polo sistema de liga a unha ou dúas voltas clasificándose para o campionato provincial os campións de cada categoría.

## 9. APRAZAMENTO DE PARTIDOS

Se algún equipo quere aprazar un partido ten que solicitalo antes do martes ás 15.00 horas da mesma semana da competición, co consentimento por escrito do equipo contrario.

## 10. SANCIONES

Se un equipo se negase a xogar despois de ser convocado, este é declarado ausente e perde o partido cun resultado de 0-2 para o partido e 0-25 ou 0/15, segundo o caso, para cada set.

Un equipo que, sen causa xustificada, non se presente a tempo na cancha, é declarado ausente cos mesmos resultados especificados no apartado anterior.

## 11. TRANSPORTE

Facilitarase, no caso de considerarse necesario para a participación na actividade, un servizo de transporte gratuíto, para o cal deberá tramitarse unha solicitude expresa por parte da entidade interesada. Esta será valorada e xestionada pola agrupación deportiva correspondente, tendo en conta a dispoñibilidade dos servizos contratados.

## 12. VARIOS

O Servizo Provincial de Deportes da Coruña, a través das agrupacións deportivas de zona, dictará as normas necesarias para o bo funcionamento da competición.

## 13. OUTRAS NORMAS

Todos os aspectos non recollidos nestas normas serán regulados pola normativa oficial da Federación Galega de Voleibol, que pode consultarse na páxina web da federación: <http://www.fgvb.es/>